



VIGO e o MAR

UNIDADE DIDÁCTICA

Nível educativo: 5º e 6º de primaria / 1º e 2º de secundaria
2023

DESCRICIÓN

A unidade didáctica está estruturada en cinco bloques temáticos que recollen os contidos cos que traballar co alumnado. En conxunto este material percorre os períodos fundamentais da conformación da cidade de Vigo seguindo como fío condutor o papel que o mar tivo na súa evolución e crecemento.

1. No bloque I faise unha aproximación ao entorno no que se emprazou a cidade de Vigo, nomeadamente a Ría de Vigo, e o papel que xogou no seu desenvolvemento.
2. O segundo céntrase nos antecedentes remotos do poboamento de Vigo: a cultura castrexa e o mundo romano (séculos VIII a.C – V d.C)
3. O bloque III trata as orixes medievais da cidade (séculos IX-XV)
4. O cuarto apartado indaga sobre a vila durante a Idade Moderna e o nacemento da (proto)industria do mar (séculos XV-XVIII)
5. No quinto e último bloque achegarémonos ao crecemento da cidade de Vigo e a súa conversión na capital industrial galega e capital mundial da conserva (séculos XIX-XXI)

*Para a elaboración dos contidos da unidade didáctica recompilouse a información recollida no portal do concello de Vigo: Patrimonio e Historia de Vigo, concretamente no apartado [Historia de Vigo](#).

Para ampliar ou profundar nos diferentes aspectos e períodos históricos polos que transcorreu Vigo pode consultarse tanto ese portal coma bibliografía citada en cada un dos apartados do mesmo, de xeito que o profesorado amplíe ou seleccione aqueles aspectos apropiados para o seu alumnado e complete os contidos aquí incluídos.

ÍNDICE

I. O ENTORNO NATURAL

II. OS ANTECEDENTES DO ASENTAMENTO HUMANO

III. AS ORIXES MEDIEVAIS DE VIGO

IV. A VILA PESQUEIRA FORTIFICADA

V. A CAPITAL GALEGA DA INDUSTRIA DO MAR

CONTIDOS

BLOQUE TEMÁTICO I. O ENTORNO NATURAL

Dous espazos xeográficos enmarcan Vigo: o Val do Fragoso e a súa Ría. O territorio marítimo-terrestre que ambos conforman foi parte fundamental do mundo das xentes que ao longo dos milenios transitaron e habitaron este entorno, dende a primeira ocupación humana coñecida ata o presente.

É o **val do Fragoso** un amplo val costeiro formado polo río Lagares e os seus tributarios, que se abre cara á beira sur da Ría de Vigo ao longo da varios quilómetros de litoral, condición que marcou a vocación marítima do territorio e dos seus habitantes dende antigo.

Pola súa banda, a **ría de Vigo** é un espazo privilexiado de enorme riqueza que favoreceu que ao longo do tempo diferentes grupos humanos se asentaran nas súas costas, fonte de supervivencia, vía de comunicación e motor de desenvolvemento dos seus poboadores.

Dende a prehistoria remota está documentada a extracción dos seus recursos (moluscos, peixes, etc.) como parte da dieta das poboacións que habitaban o entorno. A evidencia máis clara, xa na prehistoria recente (Idade de Ferro), son os chamados cuncheiros, vertedoiros a carón dos castros onde se acumulaban os restos de moluscos, entre outros refugallos. Xa coa romanización, o aproveitamento dos recursos mariños da ría adquire unha nova dimensión ao non orientarse exclusivamente ao autoconsumo, senón tamén á comercialización, incrementándose igualmente a capacidade de extracción coa mellora das técnicas de pesca e navegación, iniciándose polo tanto un novo ciclo que continúa ata a actualidade.

A ría de Vigo non xogou unicamente un papel como fonte de recursos, senón tamén como vía de comunicación favorecendo o intercambio e a chegada de persoas, produtos e ideas dende tempos remotos. Xa dende a Idade de Bronce conséntase a inserción do entorno de Vigo en circuitos comerciais que conectaban toda a fachada atlántica.

Para afondar sobre o papel de comunicación da Ría:

- [Vigo e o mundo Atlántico](#)
- [Vigo entre dous mares](#)
- [Os contactos con Roma](#)

Forman, polo tanto, a Ría e Vigo, o que foi e o que é, un binomio inseparable. Dende antes dos primeiros poboados permanentes á cidade actual emprazada nas súas costas, a súa evolución so se pode entender pola súa estreita vinculación co mar.

O ecosistema mariño da Ría de Vigo

A riqueza do ecosistema mariño da Ría foi fonte de riqueza para as poboacións costeiras, porén son moitos os impactos de orixe humano que amezan a súa biodiversidade e riqueza. Algúns deles son: os recheos, pantalans, paseos e portos e peiraos; a contaminación por vertidos desde os barcos, os espazos industriais e dende a propia cidade (residuos urbanos); tamén a presenza de especies invasoras e a sobreexplotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros.

A evolución da liña de costa e o cambio climático

A liña de costa actual que fai de Vigo unha cidade litoral, non estivo sempre á mesma altura, sufrindo na historia xeolóxica recente importantes variacións por mor da sucesión de glaciacións e desxeos.

Tal é así, que ata fai relativamente pouco tempo, a ría de Vigo era un val fluvial formado polo leito do río Verdugo/Oitavén no seu camiño cara a súa desembocadura no océano Atlántico. Co inicio da última glaciación, as augas mariñas que ocupaban toda a ría a abandonaron completamente, emerxendo o val fluvial. Na fase máis extrema desta Idade de Xeo, arredor de 20 mil anos atrás, o nivel do mar chegou a situarse a uns 120 metros por debaixo do actual, cunha liña de costa desprazada varios quilómetros formada por extensos areais ao oeste de Cíes. Co fin da glaciación, o aumento do nivel do mar foi inundando progresivamente as partes mais profundas do val seguindo o leito do río cara o interior, para alcanzar o nivel actual arredor de 6 mil anos atrás, asolagando completamente o val e illando por completo as Illas Cíes.



A Ría fai 120.000 anos

Esta subida do nivel do mar fixo que, con gran probabilidade, vestixios humanos desa período estean ocultos baixo decenas de metros de auga, dada a preferencia das comunidades paleolíticas por ocupar hábitats localizados nas terrazas dos ríos e nas proximidades á beiramar.

Alcanzado o nivel actual fai 6 mil anos, pequenas oscilacións, transgresións e regresións, se foron sucedendo ata tempos recentes. Estes cambios de escasa entidade, en todo caso, si serán significativos para as poboacións asentadas no litoral ao modificar a franxa marítima, e con elo, as condicións existentes para a súa ocupación e o desenvolvemento de actividades no ámbito costeiro.

Foi o caso das primeiras poboacións sedentarias que na Idade do Ferro se emprazan próximas á costa, especialmente naqueles poboados mais expostos ás variacións das condicións mariñas como eran os castros costeiros, por exemplo o castro de Toralla, no que os seus habitantes se viron obrigados a construír muros defensivos, non para evitar incursións inimigas, senón para frear o avance das dunas que ameazaba co sepultar as súas vivendas.

Tamén no entorno do Areal, intensamente ocupado coa chegada dos romanos coa construción dun complexo salineiro. Cara o século III estas tiveron que ser abandonadas pola baixada do nivel do mar e o soterramento do espazo co avance das dunas.

Para afondar sobre o papel de comunicación da Ría:

- [A Ría que foi río](#)
- [O bosque do Areal](#)

BLOQUE TEMÁTICO II. OS ANTECEDENTES DO ASENTAMENTO HUMANO

O territorio que abarca na actualidade o concello de Vigo leva poboado dende a prehistoria remota. As evidencias humanas máis antigas identificadas remóntanse ao **Paleolítico Inferior**, arredor de 150 mil anos antes do presente, trátase de instrumental lítico usada para diferentes tarefas aparecido na praia de Canido.

Para afondar:

- [O Paleolítico en Vigo](#)

Cara finais dese longo período da Prehistoria se evidencia a especialización destas comunidades nómades na recolección e na caza, pero tamén no marisqueo e a pesca. É dicir, xa dende antigo faise evidente o aproveitamento dos recursos mariños que proveía a Ría de Vigo.

No **Neolítico**, os grupos humanos que habitan no Val do Fragoso, coa progresiva domesticación de plantas e animais, dan inicio a unha economía produtiva e paseniñamente comeza o seu proceso de sedentarización. Neste período xorden os primeiros poboados temporais, pero debido a que estaban construídos con materiais perecedoiros non queda ningunha evidencia visible dos mesmos. Si dos seus espazos funerarios: as mámoas, construcións monumentais de forma semiesférica onde se enterraban os membros da comunidade. Nas dorsais montañosas que rodean o val do Fragoso, nos límites municipais, se atopan gran número delas. Estes espazos no alto dos montes era o lugar preferente de hábitat destas comunidades.

Para afondar:

- [O Neolítico en Vigo](#)

O inicio da **Idade dos Metais** supón importantes cambios, progresivamente desenvólvense as sociedades campesiñas cunha maior sedentarización, o aumento da complexidade social, a conflitividade e a xerarquización social. A economía segue a estar baseada na agricultura pero cun gran desenvolvemento da gandería. Durante este período constátanse uns circuitos comerciais de longo recorrido vía marítima por toda a fachada atlántica no que ademais de obxectos de metal (bronce) e a materia prima para a súa fabricación, (estaño e cobre) circulan persoas e ideas. A ría de Vigo emerxe como un punto central neses circuitos comerciais.

Para afondar:

- [O Calcolítico e a Idade de Bronce](#)

A Idade de Ferro

Arredor do ano 800 a.C. xorde unha nova cultura, chamada a cultura castrexa. Nas terras do val do Fragoso, do mesmo xeito que no resto do territorio galaico, emerxe unha paisaxe fortificada. É produto das que van ser as primeiras comunidades plenamente sedentarias que van a habitar en Galicia, as cales, nun contexto xeral de conflictividade, van a construír os seus poboados, os castros, en lugares elevados de máis fácil protección.

O avance da Idade de Ferro foi tamén o do progresivo descenso cara o val destas comunidades. A partires do século VI-V a.C. iníciase un proceso de cambio co abandono dos poboados nas zonas altas e un descenso cara as terras máis baixas, no que prima a proximidade a terreos de cultivo máis produtivos, fronte á protección natural que fornecía o emprazamento no alto.

A intensificación agrícola permite un aumento demográfico e a multiplicación do número de castros, unha realidade que no entorno da ría de Vigo adquire unha dimensión destacada, acollendo este territorio un denso hábitat que se distribúe dende as ladeiras dos montes ata franxa costeira.

A ría que vai xogar un papel fundamental no desenvolvemento das poboacións en dous sentidos. Son varios os castros que se situaron no borde costeiro, a proximidade do mar facía deles encaves estratéxicos, non so para a obtención de recursos mariños, que constituirían parte fundamental da dieta dos seus habitantes, senón tamén para o emprego das praias próximas como fondeadoiros naturais e lugar de intercambios comerciais.

Tanto foi así que dende tempos remotos as costas de Vigo foron visitadas por navegantes chegados de mares afastados, funcionando a ría como nexo de unión entre o mundo Atlántico e o Mediterráneo, entaboando contactos comerciais con ambas rexións por vía marítima.

Castros como o castro Castriño, punta do Muíño de Vento e Toralla son exemplos claros de castros costeiros.

Para afondar:

- [A Idade de Ferro en Vigo](#)

O Castro de Vigo

Cara finais da Idade de Ferro un castro vai emerxer como centro político e económico da contorna, erixíndose como "capital" do Val do Fragoso, foi o castro de Vigo.

Envorcado dende as súas orixes cara o mar, pola súa posición estratéxica xogou un papel fundamental como centro artellador dos intercambios comerciais, exercendo un control do comercio a longa distancia cos comerciantes e navegantes de Roma.

A localización do Castro de Vigo non é casual, responde a unha intencionalidade clara. O lugar escollido ten un gran compoñente estratéxico que permitía o control e dominio das terras próximas e, ante todo, da ría de Vigo. A proximidade á costa non so fornecía aos seus habitantes de recursos, senón que polas súas características, con extensos areais abrigados e protexidos das correntes mariñas, facilitaba o seu uso como fondeadoiros empregados para o desembarco de mercadorías.

Ocupado dende o século II a. C. o seu maior apoxeo ten lugar no s. I d.C., xa baixo a dominación romana, permanecendo habitado ata o século III d.C. cando os seus últimos habitantes acaban desprazándose ao asentamento que levaba tempo desenrolándose no entorno do Areal baixo os patróns da nova sociedade galaico-romana.

Para afondar:

- [O Castro de Vigo. As orixes](#)

O mundo romano

Coa conquista romana, o entorno do val do Fragoso incorpórase ao Imperio acelerándose o proceso de romanización. Con el mudan as estruturas sociais, políticas e económicas dos indíxenas, que progresivamente asumiron o modo de vida dos conquistadores.

Porén, o dominio romano do territorio non significou a desaparición inmediata da organización territorial e social previa, mais ben ao contrario, Roma non ten interese neste proceso mentres as comunidades locais participasen e respondesen aos seus intereses na rexión. De feito, dende os momentos previos á conquista e xa baixo Roma, o Castro de Vigo alcanzará o seu máximo esplendor e poder, ao mesmo tempo que noutros puntos do territorio agroman outros castros.

Xunto á continuidade do poboamento indíxena no val do Fragoso van a xurdir novos tipos de asentamentos, tanto dun certo carácter urbano como rurais. A explotación e aproveitamento do territorio se intensifica, coa introdución de novas técnicas e cultivos que se orientan á comercialización.

Estas mudanzas e innovacións terán como protagonista a costa da ría de Vigo, onde se van a emprazar estes novos poboados, e o mar, sobre o que centrarán a obtención de recursos.

Para afondar:

- [O mundo romano](#)

O vicus galaico-romano

A partires do século I d.C., na franxa costeira do Areal agroma un novo asentamento romano que convivirá durante os primeiros séculos da súa existencia co castro de Vigo.

Dende a súa fundación está orientado á explotación do mar: á pesca e á produción de sal, materias primas necesarias para a elaboración de salgados de peixe destinados á exportación. Pero tamén como porto comercial e centro redistribuídor de mercadorías cara o interior de Gallaecia.

Unha vocación marítima e comercial do vicus, herdeira do poboado indíxena do Castro, que manterá, adaptándose aos cambios que se sucederán no tempo, ao longo da súa existencia ata esmorecer no século VII.

Sen chegar a obter o status de cidade baixo a organización romana, a importancia e tamaño do vicus galaico-romano dentro da provincia de Gallaecia non foi nada desdeñable baseado no seu carácter produtivo e portuario.



Reconstrucción hipotética de Vigo no século III d.C.
© Emporium. Mil anos de comercio en Vigo.

Os "barrios" do vicus

Aínda que non se coñece a realidade exacta do espazo habitado, durante o seu apoxeo entre os séculos I e III d.C. estenderíase de xeito ininterrompido por 1,5 quilómetros de borde costeiro entre O Areal e o actual casco vello.

No extremo oriental estaban localizadas as salinas, das que se obtiña a materia prima necesaria para satisfacer a demanda das factorías de salga instaladas nas proximidades do casco vello. Entre ambas, se localiza cara finais do século III unha das necrópoles do asentamento. A outra delas, a máis antiga, estaba no extremo oposto ao norte do casco vello, sinalando ambas os límites do espazo habitado.

A industria do mar: pesca, sal e salga

Coa chegada dos romanos, o aproveitamento pesqueiro que facía a poboación indíxena para o seu autoabastecemento se verá intensificada mediante a introdución de novas técnicas e unha nova orientación comercial.

Os abondosos recursos do mar que ofrecía a ría de Vigo, serán empregados como materia prima para desenvolver unha industria de salgado destinada principalmente, polo seu volume, á exportación. Xunto ao peixe, a necesaria sal para a elaboración das salgas se obtén no propio vicus coa instalación dun gran complexo salineiro que ocupaba gran parte da baía do Areal.

Pesca, salinas, salgas e instalacións portuarias irán da man para impulsar nestes primeiros séculos de vida o desenvolvemento do vicus.

Para afondar:

- [O vicus galaico-romano](#)

Os asentamentos rurais no litoral

Dende o século III d.C. se establecen salpicando a costa sur da ría de Vigo numerosas explotacións rurais. Villaes, salinas e factorías de salgado formarían parte da trama 'industrial' de elaboración de salgas centralizada no vicus do Areal.

A **villae** é o poboamento rural propio do mundo romano. Trátase dunha casa que ademais da función residencial ten unha produtiva, explotando os recursos da contorna. Na ría de Vigo o tipo característico é a chamada villae a mare por estar situada a carón da costa e centrarse na obtención de recursos do mar: pesca, marisco e sal.

Para a obtención do sal levántanse nas zonas intermareais as **salinas**, que mediante a evaporación solar conseguían obter este recurso.

Peixe e sal eran as materias primas necesarias para alimentar a **industria de salga** dedicada á elaboración de salgados, fundamentalmente de sardiña e xurelo, para a súa exportación cara outros puntos do Imperio romano. Xunto ao barrio "industrial" do vicus, no seu entorno rural levantáronse outras factorías.

Entre villaes, salinas e factorías, nos actuais límites municipais do concello de Vigo coñécense a día de hoxe ata 10 asentamentos deste tipo que nos falan da gran dimensión que adquiriu esta industria de salgado grazas a riqueza produtiva da Ría de Vigo.

Para afondar:

- [Os asentamentos rurais costeiros](#)

BLOQUE TEMÁTICO III. AS ORIXES MEDIEVAIS DE VIGO

A descomposición do Imperio romano de Occidente e a entrada dos pobos xermánicos na Península Ibérica dende o ano 409 deu paso a unha nova realidade política e social. A creación do reino Suevo de Galicia no século V non supuxo unha ruptura do hábitat galaico-romano precedente senón mais ben unha continuidade do mesmo. No litoral vigués as villaes máis tardías, o característico asentamento rural romano, chegarán ata o século VI, e o vicus do Areal perdurará ata principios do VII.

En todo caso, o abandono dos asentamentos rurais e urbanos a partires deses séculos dá paso a unha nova realidade territorial que estará protagonizada por unha constelación de pequenas poboacións rurais dispersas nas terras do val do Fragoso, cun menor protagonismo do hábitat costeiro característico do período anterior.

O mar, que dende antes do tempo dos romanos propiciou o desenvolvemento das poboacións asentadas na costa, tornouse por contra, nos primeiros séculos medievais, nunha fonte de perigo e inseguridade debido aos continuos ataques e incursións marítimas.

A rede parroquial

Co avance da Idade Media a densificación do poboamento faise evidente na rede parroquial coñecida á altura do século XIII, que responde a unha realidade similar á actual. A existencia destas parroquias coas súas igrexas manifesta a presenza temperá dunhas poboacións que requiren dos servizos das mesmas, a súa principal razón de ser.

Destas primeiras igrexas románicas levantadas entre os séculos XI e XIII, ata 15 chegaron en pé ata nós 3 delas: a igrexa de Santiago de Bembrive, a de Santa María de Castrelos e a de San Salvador de Coruxo, ademais dunha serie de vestixios doutras conservados en museos da provincia.

Para afondar:

- [O val do Fragoso na Idade Media](#)

As orixes da vila de Vigo

Sen continuidade co poboamento que tiña a súa orixe no vicus galaico-romano vai agromar no transcurso da Idade Media, unha vez superada a inestabilidade que permitiu o renacemento dos asentamentos costeiros, a vila de Vigo.

O fará a partires do poboamento que se concentra en torno á primitiva igrexa de Santa María de Vigo, no esporón rochoso entre as enseadas do Areal e o Berbés.

-A evolución do núcleo de poboación

A primeira mención a un Vigo do que descoñecemos a súa configuración e entidade, en todo caso menor e cun poboamento disperso e rural máis que urbano, é do ano 1097, nun litixio entre un veciño de Canadelo e outro de Vigo polos límites das súas propiedades. Haberá que esperar aos séculos XII e XIII cando volva a mencionarse esta entidade poboacional.

Malia o limitado da información, estes documentos nós achegan a unha realidade territorial baixo o nome de Vigo formada por dúas parroquias próximas entre si (Santa María e Santiago de Vigo - esta última cunha localización descoñecida) coas súas respectivas poboacións, na que ademais da actividade agraria base da súa subsistencia, na de Santa María, sobre a que finalmente se consolidará a vila medieval, se documenta xa nesta altura unha incipiente vida mariñeira.

-A configuración da vila

Aínda que pouco sabemos da súa configuración precisa a finais da Idade Media, o incremento no número de veciños vai traducirse na densificación do espazo, que aos poucos adquire unha fisionomía cada vez máis vilega e menos rural arredor de dous núcleos conectados polo camiño ou rúa da Faixa (Real): o propiamente vilego, en torno á igrexa de Santa María, e o do barrio mariñeiro que emerxe na Ribeira do Berbés. En calquera caso, a finais da Idade Media Vigo non pasa de ser unha pequena poboación por detrás doutras vilas asentadas nas costas da ría como Baiona, Redondela, Cangas e incluso Bouzas.

Para afondar:

- [As orixes da vila de Vigo](#)

A actividade pesqueira

O modo de vida da poboación que habita en torno ao incipiente núcleo de Vigo estaba baseado na agricultura, ao igual que o conxunto de aldeas rurais diseminadas polo val do Fragoso. Pero de xeito complementario xorde unha actividade pesqueira impulsada polos poderes señoriais de Vigo que buscan a explotación dos produtos do mar.

Dous son os portos mencionados na documentación, "chan dos Pelames" situado no Berbés, do que hai novas sobre a súa actividade xa no século XV; e outro porto cara o Areal do que hai constancia xa no século XIV.

Xunto á pesca, a finais deste período se constata unha tímida actividade portuaria e comercial, testemuña da mesma, non sabemos se proba dun realidade máis ampla ou non, é o caso excepcional por tratarse dunha pioneira nun mundo homes, de **María Alfonso de Pazos Figueroa**, quen emprende unha actividade mercantil de éxito enviando navíos comerciais a outros portos da península e do norte de Europa desde Vigo.

Foi esta empresa un antecedente dunha actividade que co transcorrer dos séculos adquirirá gran importancia no desenvolvemento de Vigo como porto mercantil, aproveitando a súa estratéxica posición na costa Atlántica.

Para afondar:

- [A pesca e os portos de Vigo](#)

BLOQUE TEMÁTICO IV. A VILA PESQUEIRA FORTIFICADA

Dende finais do XV o incremento da poboación de Vigo e a intensificación da actividade pesqueira e portuaria serán os alicerces sobre os que se inicia o camiño para a constitución dunha vila de carácter urbano.

A vila de Vigo vai iniciar a Idade Moderna con 300 casas abertas, chegando a triplicarse, ata os 4500 veciños en pouco menos dunha centuria, prosperando da man da actividade pesqueira, portuaria e comercial. Este dinamismo poboacional e económico vese truncado nos séculos posteriores por causas diversas. As fames e as pestes de 1569 e 79, a competencia con outros portos da ría como Baiona e Cangas, e o contexto bélico xeral da época con enfrontamentos marítimos e terrestres. Deste xeito, Vigo vai chegar a finais do século XVIII, entre unha sucesión de momentos de bonanza e crise, cunha poboación e entidade urbana similar coa que iniciaba a Idade Moderna.

Tralo século inicial, o crecemento urbano nos seguintes é escaso, concentrándose nos 4 arrabaldes ou barrios extramuros dende a construción das murallas no século XVII. O principal e máis antigo, a Ribeira do Berbés, o barrio mariñeiro por excelencia. Por riba deste, o da Falperra de desenvolvemento lineal apoiándose no camiño que se dirixe a Baiona. Ao leste da vila, os barrios da Salgueira, o de menor entidade, e o Areal xunto a beira do mar.

Para afondar:

- [A vila pesqueira](#)

-A vocación marítima

Dende inicios da Idade Moderna o núcleo de Vigo rexistra unha dinámica vida pesqueira xunto a unha tímida, pero cada vez maior, actividade marítimo comercial, malia competencia doutros portos próximos como os de Baiona e Bouzas.

Tres son os puntos nos que se concentran estas actividades e que xa se manifestan na primeira imaxe da vila que nos achegou Turriano: identificado como "puerto de las barcas", a ribeira do Berbés, arrabalde habitado maioritariamente por mariñeiros e onde ten lugar o groso da actividade pesqueira. Na marxe oposta, onde comeza a enseada do Areal, o lugar mencionado como "puerto de barcas y todo género de naves y navío", do que se deduce o seu emprego como fondeadoiro, non so para pequenas embarcacións dedicadas á actividade pesqueira senón tamén á mercantil. Xunto a estes dous espazos xa documentados en séculos precedentes, aparece agora no cabo da Laxe, penetrando no mar, unha sinxela infraestrutura portuaria ou peirao, así nomeado no plano de Turriano.

O nacemento da industria do mar: o salgado

A nacente industria do mar, que se instalou en Vigo cara finais do XVIII da man dos **fomentadores cataláns**, será a actividade, xunto coa pesca, sobre a que pivote o crecemento da cidade a partires deste momento.

A chegada destes comerciantes procedente da Cataluña marcará un punto de inflexión no devir de Vigo e a súa fonda transformación socioeconómica, sentado os alicerces do seu posterior despegue e desenvolvemento económico da man do sector da conserva

Os cataláns virán ás costas galegas atraídos pola gran riqueza pesqueira das rías e especialmente pola abundancia da sardiña. As actividades destes comerciantes se centraban na compra de sardiña, o seu salgado e exportación cara o Mediterráneo, e a importación de produtos diversos como augardentes, viños e telas que traían de Cataluña.

Estes novos veciños van a instalar maioritariamente as súas residencias, almacéns de salgado e locais comerciais no entorno do Areal ao leste da cidade amurallada, concentrando este arrabalde a maior expansión urbana da época.

No Areal encontraron o lugar axeitado para o desenvolvemento das súas actividades: unha extensa praia protexida, con facilidade para o fondeo e varado das embarcacións que traían a sardiña ata os pés das súas instalacións. A numerosa presenza de naturais de Cataluña asentados neste lugar, vai facer que a partires de 1785 sexa coñecido como o "barrio dos cataláns". En pouco tempo o Areal e Guixar configurarase como o primeiro barrio industrial da cidade de Vigo.

Para afondar:

- [O nacemento da industria do mar](#)

A fortificación da vila

Vigo a mediados do século XVII convértese en praza forte ao dotarse dun recinto fortificado para a súa protección.

Os constantes ataques marítimos que recibían as mal protexidas costas da ría e da vila de Vigo, e a emerxencia da fronteira portuguesa como zona conflitiva, motivaron finalmente a construción das defensas dentro do plan para reforzar o Reino de Galicia e a fronte atlántica peninsular.

O sistema defensivo finalmente levantado estaba composto por un recinto amurallado, dous castelos: o de San Sebastián pechando a muralla polo sur, e a fortaleza do Castro no alto do monte, e un reduto, o de San Felipe.

Este recinto vai encerrar no seu interior o groso da poboación viguesa, deixando fora un dos barrios principais como era o Berbés para non dificultar a actividade pesqueira

Para afondar:

- [A fortificación da vila de Vigo](#)

BLOQUE TEMÁTICO V. A CAPITAL GALEGA DA INDUSTRIA DO MAR

Sobre os alicerces da industria de salga, medrará Vigo dende o século XIX ata converterse na capital industrial de Galicia e na súa meirande urbe.

Cara a finais do século XIX na cidade de Vigo se materializan unha serie de dinámicas que viñan xestándose dende tempo atrás dando lugar a unha grande metamorfose da mesma, que vai pasar de vila pesqueira amurallada a cidade marítima. Unha transformación impulsada pola burguesía nacida da industria conserveira e do mar.

A transformación e crecemento da cidade ten lugar en todos os seus ámbitos: no demográfico, triplicando a súa poboación en apenas unhas décadas; no económico, co despegue industrial arrastrado polo sector da conserva; no urbano, coa creación do Ensanche, a nova cidade burguesa; e no infraestructural, coa ampliación do porto, a chegada do ferrocarril, a implantación do tranvía, e o desenvolvemento de novos servizos urbanos como o abastecemento da auga e a electricidade.

As fitas que simbolizan a construción desta nova cidade foron a eliminación das murallas, a chegada do ferrocarril e o desenvolvemento do porto, xunto co levantamento do Ensanche onde se asenta a burguesía que lidera este proceso.

Para afondar:

- [Vigo no cambio do século \(XIX-XX\)](#)

O desenvolvemento da industria do mar. A conserva

A existencia dunha consolidada tradición de salgado e abundante materia prima, xunto á creación dunha serie de infraestruturas portuarias e ferroviarias, van a establecer as bases que posibilitan o nacemento da industria conserveira en Vigo liderada polas liñaxes familiares dos fomentadores cataláns, quen transitarán o camiño do salgado á conserva.

Todo vai mudar en Vigo coa chegada desta nova técnica de conservación. Esta industria converteuse no principal motor económico de Vigo, impulsando a pesca e a súa industrialización, fornecedora da súa materia prima, e a creación dunha industria auxiliar necesaria para darlle servizo, dende a construción naval ata as fábricas metalúrxicas e litográficas.

Esta primeira experiencia industrial de Vigo vai ser a responsable da metamorfose da cidade, situándoa dende ese momento como capital industrial de Galicia e iniciando o camiño para a súa conversión na capital mundial da conserva.

-O nacemento da industria da conserva

O ensaio pioneiro que foi a instalación en 1861 en Arealonga da primeira fábrica conserveira na ría de Vigo, deu paso a partires da década dos 80 á formación no Areal e Guixar do primeiro barrio industrial de Vigo.

Un factor azaroso determinará o seu despegue, a desaparición da sardiña da Bretaña francesa provocou que os industriais bretóns, seguindo a abundosa presenza da mesma nas rías galegas, se aliasen cos fomentadores cataláns para desenvolver aquí a industria conserveira aportando novos mercados, o coñecemento técnico especializado e o persoal cualificado.

O rápido crecemento do sector fixo que en pouco máis de dúas décadas o litoral vigués contase con máis de 40 conserveiras, ademais das numerosas fábricas de salgado que aínda se mantiñan operativas, erixíndose como o principal sector conserveiro peninsular e pasando pronto a liderar o mercado internacional.

Da man do seu crecemento vai transformarse a actividade pesqueira e medrarán toda unha serie de industrias auxiliares, provocando o desenvolvemento de todo un complexo industrial relacionado co mar na cidade.

- A pesca

A necesidade cada vez maior de sardiña para abastecer a demanda da puxante industria conserveira se solucionou, como fixeran tempo atrás os fomentadores cataláns, coa introdución dunha nova arte de pesca que se impuxo ás tradicionais: o cerco da xareta, e unha nova embarcación para traballala, a trainera, permitindo aumentar o número de capturas.

Pero as recorrentes crises da sardiña, cando este especie desapareceu temporalmente das rías galegas, provocou unha dobre estratexia como resposta, xunta á diversificación das capturas e así dos produtos enlatados, fomentaron a modernización da pesca e a potenciación da industria naval que pasou a construír barcos a vapor de maior tamaño que permitiron ir a buscar a desexada materia prima máis lonxe. Foi esta a base da futura pesca de altura e da revolución do frío que chegou unha década despois.

- A industria do mar

O crecemento do sector da conserva na cidade fixo que agromaran e medraran outros sectores industrias auxiliares para darlle servizo. Os principais serían os relacionados coa fabricación de envases: a industria metalográfica, e a construción naval: os estaleiros. Pero tamén outras como a cordoaría e a fabricación de xeo.

Entre as metalográficas, a primeira en instalarse no Areal a carón das fábricas ás que subministraba será a Metalúrgica no ano 1900, dedicándose á fabricación de envases de folla de lata.

Pola súa banda, a carón da tradicional carpintaría de ribeira, tamén no Areal se van a instalar os primeiros estaleiros con capacidade técnica para satisfacer a demanda do novo tipo de construción naval. O primeiro deles, xa no ano 1895, Viuda e Hijos de Barreras S.A. Deste estaleiro saíu unha das embarcación de mais éxito a principios do século XX, chegando a recibir encargos do estranxeiro, foi o vapor tipo Vigo empregado para a pesca da sardiña con arte de cerco. Ao longo das primeiras décadas do século XX a apertura de novos estaleiros como os de Freire, Cardama e Enrique Lorenzo, (Vulcano), fixeron de Vigo un dos principais centros construtores de barcos pesqueiros da península.

- Do Areal a Coia

A partires da segunda década do século XX, as necesidades de espazo fan que pouco a pouco as industrias relacionadas co mar instaladas ata o momento no Areal, no que foi o primeiro barrio industrial da cidade, se trasladen a Coia, dando lugar ao nacemento do segundo barrio industrial de Vigo

Para afondar:

- [O desenvolvemento da industria do mar. A conserva](#)